

ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2024/9	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	15 de marzo de 2024
<b>Duración</b>	Dende as 13:58 ata as 14:17 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Paula Mª Fernández Pena
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	NON
Manuel Requeijo Rey	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 08.03.2024</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 08 de marzo de 2024.

#### Expediente 458/2024. Solicitude de Axuda de Emerxencia Social

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 14 de marzo, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar unha reparación na instalación de fontería da vivenda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago da reparación dun tubo na instalación de fontanería na vivenda da familia usuaria.

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado a Don Julio Ferradás Rozas (Ferradás Rozas S.L.) que realizou o arranxo, e que se corresponde coa factura número 37/2024 por importe de 66,55 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

#### Expediente 1858/2023. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2024

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no Concello de Silleda e apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariaisponse en marcha todos os anos o Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego.

Este Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar anualmente a concesión de axudas municipais para o fomento da creación de emprego no ámbito do concello de Silleda.

Unha vez redactadas as bases específicas que rexerán a presente convocatoria de subvencións, nas

que figura o importe máximo que poderá percibirse por axuda, 4.200 €, e que se financiarán con cargo á asignación orzamentaria 241-470 “PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO”.

Logo de ver o informe número 1858/2023 emitido pola Secretaría da Corporación con data de 15 de xaneiro de 2024 e visto o Informe de intervención 04/2024 de data 12 de xaneiro de 2024

Logo de ver o acordo do Pleno da Corporación de data 25 de xaneiro de 2024, no que se presta aprobación as “Bases do programa de axudas municipais á creación de emprego no Concello de Silleda, ano 2024”

Publicadas as anteditas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 09/02/2024 e non habéndose presentado ningunha reclamación a estas.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **vota desfavorablemente este acordo.**

#### **Expediente 1893/2020. Contratacións. Devolución Aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data 05.09.2023, Rexistro de Entrada n.º 2023-E-RE-1076 e data 05.01.2024, Rexistro de Entrada 2024-E-RE-44, por Manuel Fernández Estévez en representación de NAROM, S.L. con C.I.F. B36163418 preséntase escritos de solicitude de devolución das garantías definitivas constituídas para responder o contrato de obras denominado “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA RÚA PROGRESO”

Visto que a cláusula XXI do Prego de cláusulas administrativas establece que: “a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigaçión de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP.”

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

Visto que con data 08 de marzo de 2024, Rexistro de Entrada 2024-E-RE-327, polo Arquitecto director da obra Carlos Daniel Besada Ferreiro remítese informe sobre devolución de garantías, no que conclúe: “De acordo con todo o anteriormente indicado, e conforme ao previsto no art. 243 da LCSP, procede devolver a garantía definitiva presentada polo contratista”.

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**Primeiro.**- Aprobar a devolución dos seguintes avais:

- Aval da Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, S.A., certificado de seguro nº 2021/30303, polo importe de vinteseis mil douscentos cuarenta e sete euros con dezasete céntimos (26.247,17 €).

- Aval de ASEFA S.A. Seguros y Reaseguros, certificado de seguro nº 23822/02/41/2021/4167, polo importe de tres mil catrocentos vinteseite euros con vintetrés céntimos (3.427,23 €).

**Segundo.**- Notificar ao interesado o presente acordo.

#### **FOD - Expediente 201/2022. Aproveitamento especial do viario público para subministración enerxería eléctrica.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Inclusión por urxencia Expediente 201/2022**

Toma a palabra a Sra. Presidenta, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA** prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 15 de marzo de 2024.

**VISTO** que o 08 de febreiro de 2022, con Rexistro de entrada neste Concello nº 2022-E-RE-98, presentouse por Dna. **Ana María Salgado López**, en nome e representación da entidade **UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. con CIF A-63222533**, solicitude de autorización para o aproveitamento especial das vías municipais para aumento de potencia no inmobile sito no lugar de Vilar, Cira (Referencia Catastral 36052P505005600000DD).

**VISTO** que polo que se extrae no punto 1 da memoria presentada, as obras consisten na

“canalización dunha lonxitude de 200 metros cunha gabia de 0,4x1m con dous tubos de polietileno de alta densidade Ø160mm formigonados e sen formigonar e con reposición en formigón asfáltico e sen reposición”. Polo que se aprecia en planos, proxéctanse unha liña soterrada con dúas arquetas de rexistro (puntos 2 e 3), un deles en solo de núcleo rural histórico- tradicional e o outro en solo rústico de protección agropecuaria. O artigo 26.2.b da LSG prohíbe os novos tendidos aéreos. Canto ao solo rústico de protección agropecuaria, é un uso admisible conforme ao apartado m) do artigo 35.1 da LSG, dado que non implica a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polo que discorre.

**VISTO** que consta no expediente informe favorable do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural, Xefatura Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia. Rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-1228 de data 05 de outubro de 2023.

**VISTO** que consta no expediente, previamente á execución das obras, o modelo de Declaración Responsable ou Comunicación en Materia Urbanística que se atopa no catálogo de procedementos da sede electrónica deste Concello. Rexistro de entrada neste Concello nº 2024-E-RE-137 de data 31 de xaneiro de 2024.

**VISTO** que consta no expediente a presentación de **aval por 783 €**, cantidade que recollía o informe técnico que obra no expediente. Rexistro de entrada neste Concello nº 2024-E-RC-657 de data 26 de febreiro de 2024.

**CONSIDERANDO** que as licenzas ou autorizacións se outorgan directamente aos peticionarios que reúnan as condicións requiridas (artigo 77.2 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e artigo 92.1 da Lei Patrimonio das Administracións Públicas 33/2003, do 3 de novembro -básico-), salvo que o seu número estivese limitado, situación que non se dá no presente caso.

**CONSIDERANDO** que o mecanismo procedemental será o establecido nos artigos 2 e 9 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

**CONSIDERANDO** que, segundo o disposto no artigo 21.1.q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 24.e do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e no artigo 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico aprobado por R.D. 2568/1986 do 28 de novembro (RCL 1986\3812), a presidenta da entidade local é o órgano competente para outorgar a presente licenza ou autorización de ocupación demanial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na Resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.** – Conceder a entidade **UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. con CIF A-63222533**, autorización para o aproveitamento especial das vías municipais para aumento de potencia no inmovible sito no lugar de Vilar, Cira (Referencia Catastral 36052P50500560000DD) nos

termos establecidos na memoria xustificativa que obra no expediente 201/2022 de este Concello.

**SEGUNDO.** - A autorización someterase ás seguintes condicións e deberes:

- a) Concédese coa finalidade solicitada e sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade (artigo 12 RSCL).
- b) A transmisión a terceiros desta autorización requirirá, en todo caso, previa autorización municipal (artigo 92.2 e 7 i) LPAP), sendo intransmisibles as que se refiran ás calidades persoais do suxeito, aquelas en as que o seu número estiver limitado e as previstas nas Ordenanzas (artigo 77.3 RB).
- c) A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello de Silleda en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral (artigo 92.4 LPAP).
- d) Deberáse respectar o obxecto da autorización debendose utilizar o ben segundo a súa natureza e entregalo no estado que o recibe (artigo 92.7.d LPAP).
- e) O interesado deberá obter á súa costa cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade para realizar (artigo 92.7.e LPAP).
- f) Deberáse manter en bo estado de conservación, limpeza e hixiene os elementos, instalacións e demais estruturas necesarias para a realización das obras, así como porción de dominio público ocupado, debendo asegurarse en todo caso as condicións de seguridade, salubridade e ornato público.
- g) O interesado asumirá todos os gastos derivados das obras necesarias para a ocupación do viario indicado.
- h) Deberá o interesado darse de alta no Imposto de Actividades Económicas que corresponda á actividade que se desenvolva, así como atender os impostos ou taxas estatais, provinciais ou municipais que correspondan.
- i) Responderá o interesado de todos os danos e prexuízos que a instalación ocasione aos bens ou dereitos públicos ou privados, debendo ter subscrito, para ese efecto, o correspondente Seguro de Responsabilidade Civil (artigo 92.7.f LPAP)
- j) Daráse cumprimento ás obrigas que resultasen procedentes da Ordenanza municipal, así como do resto de lexislación vixente que resulte aplicable.
- k) O Concello outorgante resérvase a facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización a fin de garantir que o mesmo é usado segundo os termos acordados (artigo 92.7.h LPAP).

**TERCEIRO.** - A presente autorización extinguirase por falta de pago da taxa ou calquera outro incumprimento grave das obrigacións do titular da mesma, polo transcurso do prazo, por renuncia, por extinción da personalidade xurídica do autorizado, por falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do autorizado, por desafectación do ben, por revogación unilateral da autorización, por mutuo acordo, por resolución xudicial ou polas demais causas que estableza a lexislación.

**CUARTO.** -Notifíquese a presente resolución á entidade interesada, dándolles conta dos recursos que contra a mesma procedan.

**FOD - Expediente 468/2024. Adhesión ó Programa de mobilización de vivendas para o alugamento en concellos (Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, eixe primeiro – programa 4 – acción5)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 468/2024**

Toma a palabra a Sra. Presidenta, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 15 de marzo de 2024.

Visto o informe da educadora social con data 15 de marzo, no que se pon de manifesto que o municipio de Silleda está a sufrir problemas sociais derivados da dificultade do acceso á vivenda por parte de persoas residentes no noso Concello, e valorando de xeito positivo a adhesión do Concello de Silleda ao *programa de mobilización de vivendas para o alugamento en concellos*.

Vista o Pacto de vivenda de Galicia, elaborado no seo do Observatorio da Vivenda de Galicia, para o periodo 2021-2025.

Visto o programa de mobilización de vivendas baleiras, implementado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, recollido no eixe primeiro, programa 4, acción 56 do citado Pacto.

Vista a RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2024 polo que se regula o Programa de mobilización de vivendas para o alugamento en concellos, publicada no DOG num. 36 do martes 20 de febreiro de 2024.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.**- Adherir o Concello de Silleda ao devandito Programa.

**Segundo.**- Nomear a dúas persoas representantes do Concello de Silleda, unha vez comunicada a incorporación do Concello tras resolución da solicitude de adhesión, para formar parte da Comisión de Seguemento e Coordinación.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**